# Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
# do 24 de marzo do 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.30 horas do día 24 de marzo de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:
1º.- Acta anterior correspondente ao día 2 de marzo de 2017.
2º.- Comunicacións previas (obra menor).
3º.- Licenzas de obra menor.
4º.- Licenza de segregación.

**PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 2 DE MARZO DE 2017.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 2 de marzo de 2017.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dun escrito presentado por SAMUEL RODRIGUEZ VARELA, con domicilio na Rúa Tarrío 11, 1ºC, Brión, na que comunica que vai construír unha arqueta subterránea con válvulas de rego, na Rúa Tarrío 11-13, Brión, segundo plano de ubicación exacta da arqueta dentro da parcela, achegado con escrito do 15.02.2017, con rexistro de entrada 623, do 15.02.2017.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANGEL LESTA FERREIRA, con domicilio en Sanín 1, Os Ánxeles, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Sanín 1, Os Ánxeles, de 200 $m^2$ de superficie, substituíndo a tella existente por outra nova, sen incrementar o seu volume.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación en base á disposición transitoria 1ª.2.b) da Lei 2/2016 o disposto nesta lei para o solo rústico.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN NEO PENIDO, con domicilio en Nináns 2, Luaña, na que comunica que vai construír un peche con postes de pedra e arame, de 15 metros de lonxitude, na parcela con referencia catastral 15013A018005270000UB, en Tourís, Luaña.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación en base á disposición transitoria 1ª.2.d) da Lei 2/2016 o disposto nesta lei para o solo rústico.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que a parte cega do peche non

exceda de 1,50 m de altura, medidos sobre a rasante natural do terreo e se retranquee a 5,00 metros do eixo da pista.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE VAZQUEZ CASTRO, con domicilio na Avd. da Mahía 40, 1ºC, Bertamiráns, Ames, na que comunica que vai construír un peche de parcela de 28 metros de lonxitude, con base de bloques de formigón e arame por encima, ata unha altura máxima de 1,80 metros, en Coruxido 53, Bastavales.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A parte do muro de fábrica non superará a altura máxima de 1,20 metros medidos sobre a rasante natural do terreo e deberá ser enfuscada e pintada.
- O muro no seu linde norte deberá retranquearse a 5,50 metros do eixo do vial.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA FLOR PUGA PEREZ, con domicilio en Santa Cristina de Vea, A Panadería nº 19, A Estrada, na que comunica que vai construír un peche de parcela de 10 metros de lonxitude, con postes e arame, na parcela 1496 do polígono 42, no lugar de Saíme, Bastavales.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de protección forestal, séndolle de aplicación en base á disposición transitoria 1ª.2.d) da Lei 2/2016 o disposto nesta lei para o solo rústico.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTIA MATO BOUZAS, con domicilio en Mato 16, Luaña, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Mato 16, Luaña:
- Pintar as fachadas da vivenda de 56 e 119 $m^2$ de superficie.
- Reparar a cuberta do alpendre de 8,75 $m^2$ de superficie, substituíndo a tella en mal estado por outra nova, sen incrementar o seu volume.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRO-1).
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por CARMEN SUAREZ PAIS, con domicilio en Alfonsín 8, Cornanda, na que solicita licenza de obra para reparar a cuberta da vivenda de Alfonsín 8, Cornanda, substituíndo as tellas en mal estado por outras novas, sen incrementar o seu volume.
A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRO1) do PXOM.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 10 de marzo de 2017 (expediente 2210/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA DEL CARMEN VAZQUEZ MONTERO, con domicilio en Beca 3, Bastavales, na que solicita licenza de obra para pintar o exterior da vivenda de Beca 3, Bastavales, de 100 $m^2$ de superficie.
A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL1).
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 16 de marzo de 2017 (expediente 2309/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que a cor da pintura sexa da gama dos brancos.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por FAHEB ALSEYED SULEIMAN, con domicilio en Lamiño 24, Brión, na que solicita licenza de obra para a limpeza dos canalóns e reparación da cuberta da vivenda de Lamiño 24, Brión.
A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 16 de marzo de 2017 (expediente 2307/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por ANTIA MATO BOUZAS, con domicilio en Mato 16, Luaña, na que solicita licenza de obra para substituír unha tubería existente de abastecemento de auga privada, nunha lonxitude de 21 metros, que discorre pola vía pública no lugar de Mato, Luaña.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- A reposición farase con zahorra e asfalto.
- Deberá comunicar ao concello o día no que vai proceder á reparación para poder efectuar a visita por parte do departamento de obras.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA BEATRIZ CASTRO SILVA, con domicilio en La Calle, Edificio Mahía 4, piso 4ºG, Rois, na que solicita licenza de segregación da finca 573 de concentración parcelaria dos Ánxeles, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado nº 12/17.

Descrición da parcela matriz:

Finca 573 do plano de concentración parcelaria dos Ánxeles.
Referencia catastral: 6531404NH2463S0001JR.
Superficie rexistral: 3.580 $m^2$.
Superficie segundo medición recente: 3.565 $m^2$.
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).
Lindes:
Norte: parcela 574 de Carmen María Pérez Martínez, hoxe Manuel Castro Pérez e que logo se adxudicará a Oscar Castro Silva.

Sur: Ramón Rodríguez García (572).
Leste: camiño de concentración parcelaria.
Oeste: zona excluída.

Segregación pretendida:

Parcela 573-1.
Superficie bruta: 1.763 $m^2$.
Superficie de cesión (a 5,50 metros do eixo do camiño): 41 $m^2$.
Superficie neta: 1.722 $m^2$.
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).
Lindes:
Norte: parcela 574 de Carmen María Pérez Martínez, hoxe Manuel Castro Pérez e que logo se adxudicará a Oscar Castro Silva.
Sur: parcela 573-2 desta segregación.
Leste: camiño de concentración parcelaria.
Oeste: zona excluída.

Parcela 573-2.
Superficie bruta: 1.802 $m^2$.
Superficie de cesión (a 5,50 metros do eixo do camiño): 45 $m^2$.
Superficie neta: 1.757 $m^2$.
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).
Lindes:
Norte: parcela 573-1 desta segregación.
Sur: Ramón Rodríguez García (572).
Leste: camiño de concentración parcelaria.
Oeste: zona excluída.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, informando á interesada, que segundo o artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, deberá proceder á cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, que se cumprimentará con ocasión do procedemento de concesión de licenza de obras, no seu día.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14.45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde　　　　　　　　　　　　　　　　O secretario
Vº e Prace

José Luis García García　　　　　　　　　　Javier Nieves González